



ENTREVISTAS #EQUIPO GALARIA

"Traballamos para que Galaria avance con rigor, pero considerando a realidade de cada momento, facendo o máximo posible cos recursos dispoñibles"



Pablo Ponte

Director Área Económico-Administrativa de Galaria

O responsable dun equipo multidisciplinar que fai que "todo funcione" dentro da nosa estrutura afronta varios retos, como a xestión, os subministros, a transparencia e tomar decisións con datos reais. Na súas mans están proxectos estratéxicos como o Centro de Terapias Avanzadas ou o de Protonterapia. "Esixen moito, pero representan innovación, futuro e a posibilidade de ofrecer tratamentos de máximo nivel sen saír de Galicia", asegura.

Cando falamos de Galaria pensamos, nun primeiro momento, nunha estrutura asistencial, pero o voso departamento é fundamental para que todo funcione. Poderías explicarnos cantas persoas formades parte do equipo e os seus perfís?

É verdade, cando pensamos en Galaria, pensamos en tecnoloxía sanitaria e atención aos pacientes. Pero para que todo iso funcione hai detrás unha estrutura de xestión moi sólida. Na Área Económico Administrativa traballamos profesionais de distintos ámbitos, cada un cun papel clave:

- Contabilidade: Reflexa a imaxe fiel nas contas da Sociedade, elabora informes económicos, auditorías, orzamentos e garante o cumprimento normativo asociado.
- Control de Xestión: Analiza a actividade asistencial, listas de espera e cadros de mando; é o "radar" que permite tomar decisións importantes con datos reais.
- Facturación: Mantén o día a día económico en orde, asegurando que todo o ciclo administrativo funcione.
- Compras e Contratación Pública: Outra peza crítica nunha empresa pública: aseguran que cada adquisición ou servizo cumpra a normativa e chegue en prazo ás unidades asistenciais.
- Mantemento: Un servizo esencial que garante que toda a tecnoloxía sanitaria e as





Parte do equipo Área Económico-Administrativa de Galaria , con Pablo Ponte

instalacións funcionen con seguridade e continuidade. O seu traballo é clave para evitar paradas, resolver incidencias e asegurar que a actividade asistencial non se deteña.

- Sistemas de Información: Un equipo pequeno pero vital, porque garante a operatividade dos sistemas, a seguridade tecnolóxica e a continuidade asistencial nunha empresa tan dependente da tecnoloxía.

Coordinamos procesos, documentación e necesidades para que cada servizo asistencial e non asistencial poida centrarse no que importa. En resumo, somos un equipo multidisciplinar que traballa para que todo o que non se ve funcione á “primeira” nunha entidade con máis de 11 millóns de euros en activos e un volume de gasto de máis de 25 millóns anuais.

Encargádevos das contas, orzamentos e organización dos recursos. Cales son as principais funcións que realizades?

A nosa área é a que garante que Galaria funcione con estabilidade, pero tamén é onde máis se nota a realidade do día a día: os recursos son limitados e a demanda é cada vez maior, chegan novos proxectos... Cada ano é unha carreira chea de obstáculos para conseguir o financiamento necesario e encaixar todas as necesidades da organización.

En resumo, facemos tres cousas fundamentais:

- Xestionar os recursos económicos da empresa. Elaboramos o orzamento, controlamos ingresos e gastos, atendemos auditorías e preparamos informes clave para a Consellería de Facenda. O noso obxectivo é que as contas estean claras, ordenadas e cumprindo sempre a normativa de aplicación.

- Garantir que todo o que Galaria precisa, e dependa dela, chegue en prazo Compras e Contratación Pública aseguran que cada equipo, servizo ou subministración se adquira conforme á lei e segundo as posibilidades que permita a normativa pública en vigor (moi estrita e condicionante). É unha parte crítica nunha empresa pública deste tamaño.
- Apoiar a toma de decisións con datos reais, e Control de Xestión analiza actividade, listas de espera e cadros de mando. Isto permítenos anticipar necesidades e axudar ás unidades a planificar mellor.

Todo isto, ademais, coordinando procesos, documentación e reporte institucional, como os proxectos con fondos europeos, que requiren un nivel de detalle e trazabilidade moi alto. En definitiva, traballamos para que Galaria avance con rigor, pero considerando a realidade de cada momento, facendo o máximo posible cos recursos dispoñibles.

Xestionar unha empresa pública de servizos sanitarios debe ser complicado. Cales son as principais dificultades ás que vos enfrontades no día a día?

Galaria é unha entidade complexa pola diversidade da actividade desenvolvida, sumándolle as limitacións orzamentarias que comentaba antes, e aquí é onde todo iso se fai máis evidente. Xestionar Galaria é complexo porque existe unha combinación de factores críticos: tecnoloxía, actividade asistencial crecente, normativa moi esixente e recursos limitados.

Considero que as principais limitacións son que contamos, en primeiro lugar, cun marco normativo moi estrito. Como xa comentamos, traballamos con Lei de Contratos, normativa contable de sociedades privadas, auditoría externa obrigatoria, auditoría de Intervención, transparencia, protección de datos... e agora tamén os requisitos dos fondos europeos, que son especialmente detallados. E logo Intervención e as auditorías esixen que cada paso debe estar perfectamente documentado e xustificado.

Tamén damos gran cantidade de reportes a diferentes organismos institucionais, o que dicíamos antes de "coordinamos procesos e documentación". Enviamos información a Sergas, Sanidade, Facenda, Intervención, Consello de Contas, diferentes Ministerios; no caso dos fondos europeos, plataformas como COFFEE ou MINERVA que esixen trazabilidade total. É un traballo constante, técnico e moi detallado.

Ademais, vivimos nunha constante tensión entre demanda e recursos, porque a actividade asistencial medra máis rápido (moito máis) que o financiamento. Isto obriga a priorizar, planificar con moito coidado e, ás veces, asumir que non todo pode facerse ao tempo nin coa rapidez que nos gustaría. É unha realidade que forma parte do noso día a día que aporta un nivel importante de tensión á xestión.

En resumo, a dificultade non está só no volume de actividade que todo o anterior xenera, senón na combinación de complexidade técnica, normativa e económica. Pero tamén é o que fai que o noso traballo sexa tan relevante: garantir que Galaria siga funcionando con seguridade, rigor e estabilidade a pesar de todas estas constantes esixencias.

Nas últimas contas hai dous proxectos fundamentais que requiren dun alto investimento, como é o Centro de Terapias Avanzadas de Galicia (CAR-T) e o de Protonterapia. Como facedes para xestionar estes recursos e cal é a túa valoración destes proxectos?

Tanto o Centro de Produción de Terapias Avanzadas de Galicia como o Centro de Protonterapia son proxectos de grande importancia para Galaria. Requiren planificación, coordinación e rigor, especialmente nun contexto como o noso, no que —como xa comentamos— os recursos son limitados e a actividade e os gastos medran máis rápido que o financiamento.

O Centro de Terapias Avanzadas é un proxecto estratéxico para Galicia e, ademais, boa parte do seu financiamento procede de fondos europeos, o que engade un nivel extra de control, trazabilidade e reporte. Os investimentos en equipamento e melloras das instalacións esixen unha xestión moi fina e un cumprimento estrito da normativa. É complexo, pero terá un impacto extraordinario para os pacientes.

No relativo ao Centro de Protonterapia, o avance da obra, a bunquerización e a instalación do Ciclotrón implican unha xestión moi intensa: coordinación con IBA e Copasa, seguimento técnico e reporte continuo ao Ministerio. É un proxecto que situará a Galicia nun nivel tecnolóxico de referencia.

Como os xestionamos? Con planificación, moita coordinación e un control económico moi estrito. Cada paso debe estar documentado e perfectamente encaixado no marco normativo dunha Sociedade Anónima pública. Respecto da miña valoración, como comentei, son proxectos que esixen moito, pero que representan innovación, futuro e a posibilidade de ofrecer tratamentos de máximo nivel sen saír de Galicia.

Como xestor, supoño que é moi complicado determinar as prioridades nos orzamentos. Cales son?

Vémolo con moito traballo por diante, con moitas dificultades. Nas respostas anteriores xa comentamos a tensión entre actividade, novos proxectos e recursos dispoñibles, e esa realidade vai seguir marcando o noso futuro: os gastos medran moito máis rápido que o orzamento, e iso fai que a xestión sexa cada vez máis difícil e complexa.

Desde a nosa área vemos tres liñas claras, primeiro consolidar os grandes proxectos en marcha, e despois mellorar a planificación e a eficiencia. Co gasto crescendo moi por riba do orzamento, o futuro pasa por planificar, priorizar con máis criterio e aproveitar ao máximo cada euro e por reforzar procesos, dixitalizar trámites, mellorar o reporte institucional e avanzar cara a un modelo de xestión máis áxil.

En resumo, a realidade económica é moi complexa, pero tamén temos que recoñecer que participar en proxectos que situarán a Galicia na vangarda é moi ilusionante, así como o feito de contar cun equipo capaz de sostelos e xestionalos no tempo.

Tamén sodes encargados de velar pola transparencia institucional. Que medidas tomades neste eido?

A transparencia é unha parte fundamental do noso traballo, e está moi ligada a todo o que comentabamos nas respostas anteriores: a normativa esixente, a carga de reporte institucional e a necesidade de documentar cada paso de forma correcta. Desde a nosa área asumimos esta responsabilidade con tres liñas actuación:

- Publicación e actualización continua da información institucional. Garantimos que a web de Galaria cumpra cos requisitos de transparencia: información económica, contratos, convenios, acordos do Consello de Administración, retribucións, indicadores de actividade... Todo debe estar accesible, e actualizado.
- Rigor no reporte a organismos públicos. Como indiquei con anterioridade, enviamos información de maneira sistemática a Sergas, Sanidade, Facenda, Intervención, Consello de Contas e Ministerio. Este fluxo constante de é unha das principais garantías de transparencia e control.
- Trazabilidade total nos procesos económicos e de contratación. Cada gasto, contrato ou investimento queda documentado, xustificado e rexistrado. No caso de proxectos como o CAR T, financiado en boa parte con fondos europeos, a esixencia é aínda maior: plataformas como COFFEE ou MINERVA requiren unha trazabilidade continua.

En resumo, a transparencia forma parte da nosa identidade como entidade pública e é clave para garantir confianza, control e estabilidade nunha organización tan complexa como Galaria con recursos moi limitados.

Cales foron os hitos principais de Galaria no último exercicio e as perspectivas de futuro?

O último exercicio estivo marcado por avances relevantes para Galaria, tanto no ámbito asistencial como no tecnolóxico e no desenvolvemento de proxectos estratéxicos. A pesar das limitacións orzamentarias foi un ano no que se produciron:

- Impulso ao proxecto do Centro de Terapias Avanzadas de Galicia, con investimentos clave en equipamento e melloras de laboratorio, financiados en boa parte con fondos europeos.
- Avances decisivos no Centro de Protonterapia: Completouse a fase construtiva e a bunquerización, e iniciouse a instalación do Ciclotrón.
- Crecemento da actividade asistencial, porque a demanda seguiu medrando —moito máis rápido que o financiamento—, especialmente en áreas como radioterapia, medicina nuclear, e unidades de resonancia móbil. Isto obrigou a reforzar planificación, priorización e eficiencia.
- Investimentos en tecnoloxía e mantemento, renovando equipos e reforzando o servizo de mantemento, que é esencial para garantir continuidade asistencial e evitar paradas en tecnoloxía de alto impacto a nivel asistencial como nas unidades como o CAR-T e a Unidade de Producción de Radiofármacos PET.

Respecto das perspectivas de futuro, o máis inmediato está marcado por tres liñas claras: Poñer en marcha e consolidar os grandes proxectos, xestionar un contexto económico moi tensionado e avanzar cara a unha Galaria máis dixital e máis integrada no sistema sanitario galego.

Por último, como te definirías no traballo e no eido persoal?

No traballo definiríame como unha persoa moi orientada á responsabilidade, e á planificación e ao rigor, a pesar das dificultades asociadas a complexidade dunha sociedade como Galaria. Gústame, e procuro, ter as cousas claras, ben organizadas e ben documentadas, fundamental para o bo seguimento e xestión de toda a organización.

Tamén me considero dialogante e paciente, algo que é fundamental nun entorno tan diverso como Galaria, onde conviven perfís moi distintos e onde ás veces é inevitable que xurdan visións diferentes. A clave está en escoitar, explicar e buscar puntos de encontro, sempre desde o respecto e o obxectivo común.

No eido persoal diría que son tranquilo, constante, colaborador e bastante práctico. Gústame resolver problemas, entender como funcionan as cousas e axudar cando podo.

Gustárame engadir algo que considero importante: o meu agradecemento a todas as persoas que forman parte do departamento de administración. Para persoas alleas ao departamento pode que o seu traballo parece invisible, pero é absolutamente esencial para que organizacións como Galaria poidan funcionar con estabilidade, rigor e continuidade. Sen ese esforzo diario, silencioso e constante, nada do que facemos sería posible. Este agradecemento é tamén extensible ao resto da organización e ás outras administracións sanitarias galegas coas que colaboramos.